Lingua saami de Inari

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua saami de Inari** (*Anarâškielâ*) é unha lingua urálica falada polo pobo saami de Inari en Finlandia. Trátase dunha lingua saami que ten aproximadamente 300 falantes, dos que a meirande parte son de mediana ou avanzada idade e viven no concello de Inari. Segundo o Parlamento Saami de Finlandia, 269 persoas empregan o saami de Inari acotío como a súa primeira lingua. É a única das linguas saamis que se fala exclusivamente en Finlandia e está clasificada como unha lingua en grave risco de desaparecer porque moi poucos rapaces a aprenden.

Lingua saami de Inari *Anarâškielâ*	
Falado en:	Finlandia
Rexións:	Laponia
Total de falantes:	300 (segundo o censo de 2001)[1]
Familia:	Linguas urálicas Linguas saamis Linguas saamis orientais **Lingua saami de Inari**
Escrita:	Latino
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Lingua minoritaria recoñecida en Finlandia[2]
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`--`
ISO 639-2:	`smn`
ISO 639-3:	`smn (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=smn)`


Notas

1. "Anaras: The Inari Sàmis". Arquivado dende o orixinal o 23 de outubro de 2007. Consultado o 22 de decembro de 2014.
2. Consello europeo (ed.). "To which languages does the Charter apply?". Arquivado dende o orixinal o 27 de decembro de 2013. Consultado o 21 de decembro de 2014.

Véxase tamén

Ligazóns externas

- Breve historia do saami de Inari (https://web.archive.org/web/20120305151846/http://www.linguistik.uni-kiel.de/sldr/stuff/Pasanen_History_of_Inari_Saami.pdf)



A lingua saami de Inari é a número 7.


Vexa a proba da Wikipedia en ***Saami de Inari (https://incubator.wikimedia.org/wiki/Wp/smn)***
